# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# DEPARTAMENTO DE MÚSICA

# I.E.S. VAL DO TEA

# CURSO 2022/2023

**1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN……………….…..………………………..03**
1.1. Introdución………………..…..…………………….....………………………03
1.2. Contextualización………………………………………………………………04
1.3. Marco lexislativo……………………..….……………..……….……………05
1.4. Departamento de Música……………………………………….…………..…….…06

**2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE………………………………………………………………………………..06**

**3. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE. TEMPORALIZACIÓN. MÍNIMOS EXIXIBLES. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN……………………………………………………………………………. 06**
3.1. 2º ESO…………………….……..…………………..…..……….…….…...07
3.2. 4º ESO…………………………………………………………….…………21
3.3. 2º BACH…………………………………………………………………….30

**4. METODOLOXÍA…………………………………………………………………..…42**
4.1. Modelo de intervención educativa…………………..……………………….…...42
4.2. Materiais e recursos didácticos ………………..…………..………..……...43

**5. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO……………………………………………………………………………43**

**6. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE……………………………………………..………………..…….......... 44**

**7. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN EAVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES………………………………..…...…………………………………………45**

**8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS……………………………………………………………………………45**

**9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE……………….……...…..…………………………………………………..46**
9. 9.1.Alumnado con necesidade específica de apoio educativo…..……….……..……………46
9.2. A nivel metodolóxico……………………..…………………….…….………………47

10. **ELEMENTOS TRANSVERSAIS…………………………………………………….47**

11. **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS……………………………………………………………………..48**

12. **ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR……………………..........................................................................................................48**

13. **TRATAMENTO DAS TIC…………………………………………………………………………………...48**

14. **MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAPROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA……………………………………………………..…………..…………..49**

**15. ACCIÓNS EN PREVISIÓN DE CLASES SEMIPRESENCIAIS OU NON PRESENCIAIS………..……..………..…..………..………………..………………..…..……...49**

15.1. Aspectos metodolóxicos relacionados….…………..………………….…………..49
15.2. Metodoloxía no caso de ensino a distancia..…………..…..…...….................…..50
15.3. Mecanismos para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado no caso de non presencialidade………..…..……….……………………………..……………...51
15.4. Mecanismos para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado que carezca de medios telemáticos no caso de non presencialidade..………..…...….......….........….…51
15.5. Instrumentos de avaliación…….………………..…..…….………..………………..52
15.6. Criterios de cualificación……………...……..……..………..….….…….…..……52

# 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

## 1.1. Introdución

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con gran valor na vida das persoas; ademais, favorece o seu desenvolvemento integral, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás cada vez máis numerosas fontes de cultura musical, así como aos seus diversos xeitos de creación e interpretación, a través de vehículos que forman parte da súa vida cotiá, como internet, os dispositivos móbiles, os reprodutores de son e os videoxogos. Ademais, fomenta o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica.

A materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.

Transcendendo estes valores estéticos, propios da competencia de conciencia e expresións culturais, o alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de diversas agrupacións nas que cadaquén asumirá diferentes papeis para poder interpretar música en conxunto. Por outra parte, é interesante fomentar actitudes emprendedoras que acheguen o alumnado ás diferentes profesións no ámbito musical e non musical.

Esta materia fomenta as actividades colaborativas ao integrar os/as estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional.

O estudo desta materia parte dos coñecementos previos adquiridos polo alumnado na educación primaria e do seu desenvolvemento evolutivo, afondando con elementos que, dado o seu nivel de abstracción, deben abordarse neste momento de desenvolvemento do alumnado.

Entre outros, é obxectivo desta materia dotar os alumnos e as alumnas dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais, unha comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade. Tamén se lle outorga un papel importante á análise das obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade.

Os elementos do currículo básico organizáronse en catro bloques, moi relacionados entre si, que comparten múltiples elementos: "Interpretación e creación" integra a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición musical, o que permitirá ao alumnado participar da música dunha forma activa; "Escoita" pretende crear a primeira actitude fundamental cara a esta

arte e dotar o alumnado das ferramentas básicas para gozar dela a través da audición e a comprensión do feito musical; "Contextos musicais e culturais" relaciona a música coa cultura e a historia, dá a coñecer o valor dopatrimonio musical español e galego, e ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada período histórico básico; e finalmente, "Música e tecnoloxías" pretende abranguer o coñecemento e a práctica da interacción entre música e novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial importancia debido á proximidade que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado, polo que se pretende xerar unha vinculación entre a linguaxe tecnolóxica que utiliza habitualmente e a música dentro da aula.

Xa como remate, vese necesario resaltar a importancia do uso dunha metodoloxía adecuada a este enfoque curricular, que posibilite que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe, traballando de xeito colaborativo, onde a práctica e a vivencia do feito musical sexa real e relevante para o alumnado, para a comunidade educativa e para o contorno social.

## 1.2. Contextualización

Para a elaboración dunha Programación , é esencial coñecer a entorna do centro, as características sociais e culturais da poboación, e polo tanto, ter toda esta contextualización sempre presente, para que dita programación vaia acorde ó perfil dos alumnos, sempre dentro das normas e leis que atañen a esta etapa educativa, e deste xeito acadar os mellores resultados na formación do alumnado, que é ó fin e o cabo, a meta á que debemos dirixirnos en todo momento.

Ponteareas é un municipio en constante crecemento que está composto de 24 parroquias. Actualmente ten uns 24.000 habitantes. O comercio é, quizais, o sector que máis caracterizou sempre a esta poboación. Por outra banda, ao estar ubicado a tan só 27 Km de Vigo, hai anos que ven cumprindo a función de lugar de residencia de moitas persoas que traballan en dita cidade. Isto provocou como se mencionou anteriormente, que este pobo-cidade, estea en constante evolución e crecemento. En consecuencia, hai diversos centros educativos: 3 colexios públicos de educación infantil e primaria; dous centros concertados de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria; tres Instituos, que imparten ESO e Bacahrelato e o outro ademáis Ciclos e o CFI « A Granxa ».

Un aspecto moi destacado e singular que queremos tratar nesta contextualización do IES Val do Tea, e a grande tradición musical que sempre caracterizou ó municipio de Ponteareas. Hai que destacar e existencia dende hai moitas décadas, de dúas Bandas de Música en dúas parroquias: Guláns e Xinzo, que dende hai anos, completan a formación dos integrantes de ditas bandas de Música, con sendas Escolas de Música.. Tamén hai que citar como centros importantes de formación musical, o Conservatorio de Grao Profesional "Reveriano Soutullo", que ten a súa propia Banda de Música, e dentro do mesmo edificio, a Escola Municipal de Música, centro que permite a posibilidade de achegarse á música a partir dos 4 anos de idade, ademais de cumprir a función de ofertar unha formación musical a todas aquelas persoas que lles interesa a música pero non como unha profesión. Outro centro ben distinto pero que suscita tamén moito interese na poboación de Ponteareas, é o CDM, Centro de Desarrollo Musical, que oferta a formación en música moderna, que integra a Rock School, ensino homologado neste estilo musical a nivel europeo.

Outras fontes de formación musicais en Ponteareas son as diversas agrupacións corais que existen: no casco urbano sen ir mías lonxe, sigue vixente dende hai máis de 50 anos, a Coral Polifónica do Centro Artístico Sportivo, outra agrupación vocal en Ponteareas moi destacada a nivel non só de Galicia senón de España, foi Camerata ad libitum, que durante máis e 20 anos desenvolveu un repertorio vocal complexo e de alto nivel técnico-vocal. Este agrupación vocal contaba ademais, cun coro de xente xove e outro de nenos. En Ponteareas na actualidade, existen outras agrupacións vocais

como son o Obradoiro Vocal “A Vila”, o coro do colexio Virxe dos Remedios, Ademais destas agrupacións vocais no casco urbano, existen outras en distintas parroquias de Ponteareas.

A música tradicional ocupa tamén un lugar moi importante na tradición musical deste municipio, pois existen multitude de agrupacións folclóricas. No casco urbano existe a banda de gaitas Tremiñado; diversos centros culturais das parroquias contan con grupos de gaitas, de baile tradicional, de pandeireteiras, etc. Ë dunha enorme tradición na parroquia de Guláns, a agrupación de baile que representa cada ano Os Ranchos de Reis, tradición que xa foi obxecto de diversos estudos etnográficos e musicolóxicos. Seguindo coa música tradicional, cabe destacar a existencia de 3 talleres artesanais de construción de gaitas: o taller de Eduardo Represas en Xinzo, o taller de Xesús Represas en Ponteareas e o Obradorio de Gaitas Gil tamén en Ponteareas. No eido da música moderna, existe o grupo pop Capitán Furilo e O caimán do río Tea.

Como se pode comprobar, Ponteareas viviu sempre a Música como parte da súa identidade. Por iso neste centro temos a grande sorte de que a maioría dos alumnos teñen contacto con ela dalgún xeito: ou estudan no conservatorio ou escolas de música, ou tocan, cantan ou bailan nalgunha agrupación tradicional, ou cantan nun coro, ou simplemente aprenden pola súa conta a tocar algún instrumento.

Esta conciencia musical, é sumamente importante nas idades que nos ocupan pois desenvolven o sentido crítico, amplían o seu horizonte estético, comprenden as expresións musicais doutros pobos, valoran o esforzo e a disciplina tan necesarios para a superación persoal, fomenta a sociabilidade, etc. Ademáis, coa audición e a interpretación de obras propias e alleas, damos renda solta á inspiración e a creatividade.

## 1.3. Marco lexislativo

DECRETO 133/2007, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

ORDE do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

ORDE do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

CIRCULAR 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, na que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para alumnado da Educación Secundaria Obrigatoria.

Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa

REAL DECRETO 1105/2014 do 26 de decembro, no que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, na que se describen as relacions entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

REAL DECRETO 217/2022, do 29 de marzo.

### 1.4. Departamento de Música

O Departamento de Música do IES Val do Tea no curso 2022/2023 está integrado polos docentes Rosalina Rivas Fernández (Xefa do Departamento) e Francisco Alfonso Jurado Besada (substituto da titular).

A materia de Música impártese nos seguintes cursos:

2º ESO: 2 horas semanais para cada un dos tres grupos

3º ESO: 2 horas semanais para cada un dos tres grupos

4º ESO (optativa): 3 horas semanais, formado por un grupo de alumnos de 4ºA, 4º B e 4º C

2º BACH (optativa): 3 horas semanais, formado por un grupo de alumnos de 2º C.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Para o desenvolvemento desta programación, baseámonos nas directrices da Subdirectora Xeral de Ordenación Educativa e do subdirector xeral de inspección, recollidas na CIRCULAR do 28/01/09, e incluiremos a contribución ao desenvolvemento das Competencias Clave:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido e iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

## 3. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.
## TEMPORALIZACIÓN. MÍNIMOS EXIXIBLES. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

| 2ª ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** | **Temporalización** | | |
| | | | | | **1 Aval.** | **2 Aval.** | **3 Aval.** |
| **Bloque 1. Interpretación e creación** | | | | | | | |
| n<br>ñ<br>m | B1.1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical.<br>B1.2. Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical.<br>B1.3. Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.<br>B1.4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.<br>B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.<br>B1.6. Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da música. | B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais. | MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. | CCEC<br>CCL | X | | |
| | | | MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. | CMCCT<br>CCEC | X | | |
| | | | MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. | CMCCT<br>CCEC | X | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| n | B1.7. Grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical. | B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | CCEC | X | | |

| **2ª ESO** | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** | **Temporalización** | | |
| | | | | | **1 Aval.** | **2 Aval.** | **3 Aval.** |
| n<br>g | B1.8. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.<br>B1.9. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas. | B1.3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | CAA<br>CCEC | X | | |
| | | | MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías. | CAA<br>CCEC | X | | |
| a<br>b<br>d | B1.10. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/ás demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto. | B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas | MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. | CAA<br>CCEC | | X | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | B1.11. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.<br>B1.12. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión. | que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. | MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. | CCEC | | X | |
| | | | MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. | CCEC | | X | |
| | | | MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. | CCEC | | X | |

| **2ª ESO** | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** | **Temporalización** | | |
| | | | | | **1 Aval.** | **2 Aval.** | **3 Aval.** |
| | | | MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. | CAA<br>CCEC | | X | |
| a<br>n | B1.13. Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de | B1.5. Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas | MUB1.5.1.Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. | CAA<br>CCEC | | | X |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical.<br>B1.14. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula. | creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | CSIEE | | | X |
| g<br>n<br>d<br>ñ | B1.15. Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.<br>B1.16. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais. | B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común. | MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. | CCEC | | | X |
| | | | MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | CCEC | | | X |

| 2ª ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** | **Temporalización** | | |
| | | | | | **1 Aval.** | **2 Aval.** | **3 Aval.** |
| | | | MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras. | CSC | | X | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. | CSC | | X | |
| | | | MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. | CSIEE | | X | |
| **Bloque 2. Escoita** | | | | | | | |
| n<br>ñ | B2.1. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.<br>B2.2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.<br>B2.3. Clasificación e discriminación | B2.1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións. | MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. | CCEC | | X | |

| **2ª ESO** | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** | **Temporalización** | | |
| | | | | | **1 Aval.** | **2 Aval.** | **3 Aval.** |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais. | | MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais. | CCEC | | X | |
| n | B2.4. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre,textura, forma, tempo, dinámica, etc. | B2.2. Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición. | MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición. | CCEC | | X | |
| b<br>a | B2.5. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita. | B2.3. Valorar o silencio como condición previa paraparticipar nas audicións. | MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. | CSC | X | | |
| h<br>n | B2.6. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais. | B2.4. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada. | MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas. | CCL<br>CCEC | X | | |
| | | | MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical. | CCEC | X | | |
| | | | MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade. | CCL | | | X |

| **2ª ESO** | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** | **Temporalización** | | |
| | | | | | **1 Aval.** | **2 Aval.** | **3 Aval.** |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| e<br>f<br>m | B2.7. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora. | B2.5. Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizar as súas causas e propor solucións. | MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música. | CSC | | | X |
| | | | MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica. | CSIEE<br>CD | | | X |
| **Boque 3. Contextos musicais e culturais** | | | | | | | |
| m<br>n | B3.1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.<br>B3.2. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais. | B3.1. Realizar exercicios que reflictan a relación da músicacon outras disciplinas. | MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza. | CCEC | | | X |
| | | | MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade. | CCEC | | | X |
| l<br>n | B3.3. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais. | B3.2. Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa. | MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva. | CCEC | X | | |
| l<br>n<br>ñ | B3.4. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.<br>B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e | B3.3. Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo. | MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego | CCEC | | | X |
| | | | MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | CCEC | | | X |

**2ª ESO**

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | **1 Aval.** | **2 Aval.** | **3 Aval.** |
| | producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas. | | MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos. | CCEC | | X | |
| | | | MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas. | CCEC<br>CSIEE | | | X |
| h<br>e | B3.6. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións. | B3.4. Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou "falar de música". | MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais | CCL | X | | |
| | | | MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | CCL | | | X |
| e<br>n<br>l | B3.7. Música actual: novas tendencias; concertos en directo. | B3.5. Amosar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores. | MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de músicapopular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. | CD | | | X |
| | | | MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | CAA | X | | |

| 2ª ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** | **Temporalización** | | |
| | | | | | **1 Aval.** | **2 Aval.** | **3 Aval.** |
| **Bloque 4. Música e tecnoloxías** | | | | | | | |
| e<br>n | B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.<br>B4.2. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.<br>B4.3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.<br>B4.4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.<br>B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas. | B4.1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música. | MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. | CD | X | | |
| | | | MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. | CD<br>CSIEE | | | X |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| e<br>n | B4.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela. | B4.2. Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical. | MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | CD | | X | |

**Temporalización.**

**1ª Avaliación**

**Bloque 1: Interpretación e creación**

- A voz e aparato fonador.
- Tipos de respiración.
- son, o ruído e o silencio.
- As calidades do son: Altura, Duración, Intensidade e Timbre
- Claves, notas, figuras, pulsos, acentos, compases.
- Expresión vocal, instrumental y/o corporal.

**Bloque 2: Escoita**

- Recoñecemento de distintos tipos de voz
- Audición de distintas pezas musicais representativas

**Bloque 3: Contextos musicais e culturais**

- Instrumentos cordófonos, membráfonos, idiófonos, aerófonos e electrófonos.
- A orquestra
- As bandas
- Outras agrupacións instrumentais

**Bloque 4 Música e tecnoloxías**

- Utilización de soportes numéricos con los fondos sonoros de las partituras para frauta
- Utilización dos recursos informáticos para buscar información sobre instrumentos o agrupacións instrumentais
- Emprego de medios audiovisuais para reforzar los coñecementos.

**2ª Avaliación**

**Bloque 1: Interpretación e creación**

- Signos de repetición, ligaduras e signos de prolongación.
- Melodía e motivos.
- ton e o semitón.
- As alteracións
- Os intervalos e a súa clasificación
- Expresión vocal
- Expresión instrumental

**Bloque 2: Escoita**

- Recoñecemento de distintos tipos de instrumentos da orquestra
- Audición de distintas pezas musicais representativas

**Bloque 3: Contextos musicais e culturais**

- Os instrumentos de corda percutida e punteada
- Instrumentos de corda fretada
- Instrumentos de vento madeira
- Formas musicais básicas

**Bloque 4: Música e tecnoloxía**

- Utilización de soportes numéricos con los fondos sonoros de las partituras para frauta
- Utilización dos recursos informáticos para buscar información sobre instrumentos o agrupacións instrumentais

- Utilización de medios audiovisuais para reforzar os coñecementos.

**3ª Avaliación**

**Bloque 1: Interpretación e creación**

- Escalas, escalas diatónicas e pentatónicas.
- Síncopas, anacruse, notas a contratempo.
- Acordes.
- Indicacións de tempo e carácter.
- Matices
- A textura musical: homofonía, contrapunto, melodía acompañada.
- Expresión vocal
- Expresión instrumental

**Bloque 2: Escoita**

- Recoñecemento de distintos tipos de instrumentos
- Audición de distintas pezas musicais representativas y de distintas texturas

**Bloque 3: Contextos musicais e culturais**

- Instrumentos de vento metal
- Instrumentos populares galegos
- Outras formas musicais.

**Bloque 4: Música e tecnoloxía**

- Utilización de soportes numéricos con los fondos sonoros de las partituras para frauta
- Utilización dos recursos informáticos para buscar información sobre instrumentos o agrupacións instrumentais.
- Uitlizacion de medios audiovisuais para reforzar os seus coñecementos.

**Mínimos esixibles**

- Recoñece as diferencias dos seguintes elementos: son, ruido e silencio.
- Define as calidades do son (altura, duración, intensidade e timbre) e as sabe identificar e representar gráficamente (notas, figuras, dinámicas...)
- Identifica os xéneros musicais: música popular, culta, relixiosa e profana.
- Valora a voz como instrumento musical propio. Clasifica os diferentes tipos de voz.
- Interpreta pequenas piezas con instrumental Orff.
- Ten interese ante os exercicios, prácticas e audicións propostas.
- Amosa respecto hacia o traballo dos compañeiros.
- Coida os materiais e instrumentos de traballo e da propia aula.
- Valora o silencio como elemento esencial da música e da práctica musical.

**Procedementos de avaliación**

- Audición de obras musicais nas que as cualidades do son sexan facilmente identificables.
- Creación de composicións melódicas para a súa posterior interpretación.
- Audición e recoñecemento de fórmulas rítmico-melódicas.
- Visualización e comentario dos diferentes instrumentos.
- Canto individual e en conxunto de pezas extraídas do repertorio da música popular, tradicional e "artística".
- Danza e expresión corporal, facendo énfase na atención individualizada.
- Interpretación e acompañamento de pequenas obras con instrumental Orff.
- Audicións de diferentes obras de distintos períodos da historia da música.
- Análise de elementos básicos da linguaxe musical a través da audición.
- Pequenos traballos de investigación sobre obras e compositores.
- Audicións de obras relacioadas cos diferentes tipos de execución vocal.
- Visualización de diferentes espectáculos musicais.
- Indagación entorno á historia dos medios sonoros mediante diversas fontes de información.
- Gravacións audiovisuais con fins creativos e didácticos.
- Audición de música en directo e posterior comentario e análise.
- Proxección de películas facendo fincapé nas bandas sonoras.
- Audición e análise dos instrumentos que interveñen na música rock, blues, reggae, etc.

- Audición e análise de formas musicais básicas como binarias, ternarias, rondó, canon, etc

**Instrumentos de avaliación**

- Exercicios de percusión corporal
- Probas escritas, onde se fará especial atención á linguaxe musical.
- Práctica de movemento, instrumental e vocal, individual e en conxunto.
- Traballos de creación e interpretación grupal.
- Revisión do caderno do alumnado.
- Revisión da participación correcta nas actividades levadas na clase.
- Revisión do cumprimento por parte do alumno de traer a clase sempre o material preciso para o desenvolvemento da clase.
- Aqueles que se deriven directamente dos criterios de avaliación.

<table>
<tr><th colspan="8">4º ESO</th></tr>
| ▪ h<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B8.1. Serialismo Integral.<br>▪ B8.2. Vangardas. Indeterminación e aleatoriedade. Novas grafías. Música electroacústica e música concreta.<br>▪ B8.3. Postserialismo.<br>▪ B8.4. Música de vangarda española: Xeración do 51. Música galega. Autores/as contemporáneos/as.<br>▪ B8.5. Música e danza popular moderna: jazz, pop e rock.<br>▪ B8.6. Danza contemporánea. Evolución e expansión na segunda metade do século XX. | ▪ B8.1. Identificar obras pertencentes aos movementos estilísticos da segunda metade do século XX, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando o seu pertenza a este período histórico. | ▪ HMDB8.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas. | ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HMDB8.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B8.7. Cante e baile flamenco.<br>▪ B8.8. Música e danza popular galega<br>▪ B8.9. Importancia da música cinematográfica, publicitaria e de ambientación. A danza no cine.<br>▪ B8.10. Novos instrumentos. Novas tecnoloxías aplicadas á música. | ▪ B8.2. Relacionar a historia da música e da danza da segunda metade do século XX, así como os seus movementos artísticos e as obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período. | ▪ HMDB8.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos. | ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| | Bloque 9. A música tradicional no mundo. | | | |
| ▪ h<br>▪ n<br>▪ l<br>▪ g<br>▪ p | ▪ B9.1. Danza e música exótica, étnica, folclórica e popular. Música e danza popular galega.<br>▪ B9.2. Función social da música e a danza: ritos, tradicións e festas.<br>▪ B9.3. Características da música e da danza: ritmo, melodía, morfoloxía, estilos de canto, texturas, pasos, disposicións e movementos. | ▪ B9.1. Identificar obras da música tradicional, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, distinguindo estilos, estéticas e usos. | ▪ HMDB.9.1.1. Coñece e describe as principais características da música e da danza tradicional, distinguindo estilos de canto, melodías, escalas, texturas e ritmos. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CD |

| | Historia da Música e da Danza. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B9.4. Organoloxía. Introdución aos instrumentos tradicionais. O instrumento musical como obxecto etnográfico. | | | |

## Temporalización

### 1ª Avaliación

- Medievo
- Renacimiento
- Barroco
- Clasicismo.

### 2ª Avaliación

- Romanticismo
- Séculos XIX e XX
- Outras correntes musicais
- A música no mundo

### 3ª Avaliación

- A música e a danza tradicional
- Música e danza popular urbana
- Musicais

**Mínimos esixibles**

- Música popular , música tradicional e a chamada música culta: Diferenzas conceptuais
- Organoloxía Correntes máis destacadas.
- A música na Idade Media; a música medieval . Os polifonistas do Renacemento. A música profana.
- Recoñecemento auditivo de obras medievais e/ou renacentistas.
- O Barroco: teatro musical, música relixiosa e civil.
- O Clasicismo musical: la claridad de formas.
- A expresión do sentimento: Romanticismo e Nacionalismo.
- Música dos séculos XIX e XX; a Zarzuela.
- A música tradicional en España.
- A música tradicional en Galicia: a danza e a súa música, o canto.
- A música tradicional no resto do Estado Español: a danza e a súa música. O canto. Os instrumentos populares.

**Procedementos e instrumentos de avaliación**

- Recoñecemento de obras pertencentes a cada un dos contidos obxecto de estudio, adecuadas ao nivel do grupo.
- Escoita activa de obras representativas de cada período apoiada en partituras ou noutras representacións gráficas.
- Práctica de danzas o representacións musicais.
- Comentario das audicións desde o punto de vista melódicorítmico e do harmónico e estilístico.
- Elaboración de mapas históricos en relación co feito musical.
- Comentario de textos musicolóxicos.
- -Gravación de pezas traballadas durante o curso mediante gravador dixital a disco duro mediante o uso de software de gravación e edición como audacity, garage band e logic express.
- Visionado de películas, vídeos e anuncios. Análise de Bandas Sonoras.
- Audición activa de diferentes exemplos da música.
- Visualización de interpretacións musicais, en directo ou gravados.
- Creación musical e literaria dun repertorio.
- Traballos de investigación e exposición dos autores ou grupos a estudar. Estudo do folclore como elemento xerador da música "culta".
- Práctica instrumental, vocal e danza de obras folclóricas e pertencentes a música popular urbana.

# 4. METODOLOXÍA

A riqueza do contexto pedagóxico configúrase nunha visión multidimensional que permite diferentes vías de acercamento. Unha delas é a que nos achega á dimensión metodolóxica, á descrición, análise e implicacións dos diversos métodos didácticos que podemos utilizar para concretar os obxectivos educativos desde un estilo didáctico reflexivo tanto antes, durante e despois da aplicación dun método.

## 4.1. Modelo de intervención educativa

Para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe teranse en conta os seguintes principios metodolóxicos.

- Dar prioridade ao carácter formativo da materia, o que implica unha selección de contidos que contribúa a acadar unha actitude favorable no alumnado e fomente a súa autonomía. Para logralo, é imprescindible que os contidos conecten cos intereses persoais do alumnado e con elo aumentar a súa motivación e autoestima.
- Realizar aprendizaxes significativos que permitan a comprensión do que se aprende, levando a unha reflexión crítica sobre os contidos da materia. Estes aprendizaxes serán, polo tanto, comprensivos, asimilativos e aplicativos, estando estreitamente relacionados cos obxectivos que se deben conseguir ao longo das ensinanzas profesionais.
- Partir das capacidades, habilidades e coñecementos previos do alumnado, así como o seu grado de madurez. Para coñecer os coñecementos previos realízase unha avaliación ao inicio do curso e ao inicio de cada unidade didáctica que así o requira polos seus contidos.
- Revisar periodicamente a programación, a súa coherencia e estruturación, atendendo as diferencias individuais ou os diferentes ritmos do aprendizaxe do alumnado, de modo que se parta dunha espiralidade na forma de integrar os novos aprendizaxes no alumnado partindo dos seus coñecementos ou ideas previas.
- O alumnado debe ser o protagonista do seu propio aprendizaxe a través das diferentes actividades nas que poña na práctica e aplique os coñecementos adquiridos.
- Facilitar as interaccións profesor-alumno e entre o alumnado, de maneira que se potencie o sentimento da pertenza a un grupo. Potenciar a afectividade con os alumnos contribúe a que formen unha auto-imaxe axustada e positiva de si mesmos.
- Impartir a ensinanza dos novos coñecementos e habilidades de forma estruturada, gradual e progresiva, de maneira que o alumnado perciba un dominio da materia e síntase seguro do seu avance para chegar a niveis superiores de coñecemento.
- Acadar aprendizaxes funcionais, mediante o análise de modelos e situacións que sirvan de referencia e podan ser utilizados por o alumnado de forma práctica no proceso de adquisición de novos aprendizaxes ou en outras situacións.
- A educación en valores é outra das prioridades. Os alumnos e alumnas deben coñecer, asumir e exercer os seus dereitos e deberes no respecto aos demais, practicando a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre eles, potenciando o diálogo como valor común de toda a sociedade plural.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Non hai libro de texto obrigatorio para ningunha das materias do departamento.

Os recursos constitúen un medio de traballo e están seleccionados en función dos obxectivos da programación. Son variados, flexibles, xustificados e innovadores e só deben utilizarse aqueles que obedezan a algún propósito educativo concreto.

- Espazos, mobiliario e instrumentos: a aula conta co adecuado tratamento acústico, que consiste no illamento e no acondicionamento interno. Dispón de encerado con e sen pentagramas, mesa maila cadeira do profesor e cadeiras con mesas para o alumnado. Ademais dispón de instrumental Orff e outros instrumentos (piano e guitarras).
- Materiais audiovisuais: a aula de música dispón de un ordenador portátil con conexión a Internet e un canón, así como pantalla para a súa proxección.
- Materiais convencionais: impresos, fotocopias, libros e libros de texto, papeis, cadernos, material de escritura, etc.

# 5. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO

A calificación depende de tres elementos: A práctica, a teoría e o comportamento do alumno. Este último elemento está xustificado precisamente pola propia natureza da materia, xa que para poder facer as actividades grupais e individuais é fundamental que o alumno amose interese pola práctica das mesmas e que teña respecto pola práctica propia e a dos seus compañeiros.

Cualificación de cada unha das avaliacións

O peso entre a nota acadada nos contidos teóricos ou nas actividades prácticas será o seguinte para todos os cursos:

- 70% parte teórica
- 30% parte práctica

Para aprobar é imprescindible obter polo menos a metade da calificación en cada unha das partes: un mínimo dun 35 % na parte teórica e un mínimo dun 15 % na parte práctica.

Na práctica inclúese tamén o recoñecemento de audicións pertencentes ás distintas épocas da historia da música.

Mecanismo/s para recuperar unha parte non superada:

Proba de recuperación na mesma avaliación

Mecanismo/s para recuperar unha avaliación non superada

Recupérase coa nota que corresponde despois de facer a recuperación

Dado que a avaliación é contínua, no caso de que se teñan que realizar recuperacións, un alumno que aprobe a recuperación dunha avaliación recuperará as avaliacións anteriores.

A nota da **avaliación ordinaria** será a media aritmética das tres avaliacións trimestrais.

**Criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO**

Logo da terceira avaliación, para o alumnado que nese momento estea suspenso na materia, faráselle un informe individualizado de recuperación para traballar entre a terceira avaliación e a avaliación ordinaria, co fin de que poida superar a materia. En dito informe farase referencia de maneira precisa a cada un dos aspectos que o alumnado debe reforzar e recuperar a materia, e nos que se basearán as actividades de apoio, reforzo e recuperación a facer este período.

O alumnado que nese momento estea aprobado na materia traballará de cara a poder reforzar e ampliar os seus coñecementos a través das actividades propostas, e mesmo poida mellorar a súa cualificación ordinaria en 0,5 puntos.

Teranse en conta os seguintes aspectos:

- A implicación do alumnado nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría propostas.
- O grado de cumprimento das actividades realizadas.

**Criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e avaliación de acceso á universidade para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2ª BAC.**

O alumnado que supere a materia na avaliación ordinaria (cualificación de 5 ou superior) realizará durante este período unha serie de actividades de reforzo e ampliación da mesma.

Aquel alumnado que suspenda a materia na avaliación ordinaria realizará actividades de apoio e reforzo dos contidos básicos do curso, co obxectivo de preparar a proba extraordinaria que terá lugar ao final do mencionado período. No caso de aprobar dita proba (cualificación dun 5 ou superior) considerarase superada a materia. A nota final será o resultado da mesma con redondeo ao número enteiro máis próximo.

# 6. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Os procesos de avaliación teñen por obxecto tanto a aprendizaxe dos alumnos como os procesos mesmos de ensino. A información que proporciona a avaliación serve para que o equipo de profesores dispoña de información relevante co fin de analizar criticamente a súa propia intervención educativa e tomar decisións respecto diso.

Para iso, será necesario contrastar a información obtida pola avaliación continua do alumnado coas intencións educativas que se pretenden e co plan de acción para levalas a cabo.

Avalíase por tanto, a programación do proceso de ensino e a intervención do profesor como animador deste proceso, os recursos utilizados, os espazos, os tempos previstos, a agrupación do

alumnado, os criterios e instrumentos de avaliación, a coordinación... É dicir, avalíase todo aquilo que se circunscribe ao ámbito do proceso de ensino-aprendizaxe. Os aspectos máis significativos son:

- A práctica docente no contexto da aula.
- O deseño e desenvolvemento das unidades didácticas e a adecuación das adaptacións realizadas en función das necesidades do alumnado.
- O ambiente da aula e todo aquilo que favoreza o proceso de ensino e aprendizaxe: organización, espazos e agrupamentos.
- A actuación persoal de atención ao alumnado.
- A coordinación cos profesores que interveñen no mesmo grupo de alumnos.
- A comunicación cos pais.

# 7. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

De acordo coa lexislación vixente as directrices para estas actividades serás as seguintes:

**Seguimento.** O alumnado con materia pendente deberá realizar as actividades e tarefas que se lle asignen, nas que se plantexarán diversas cuestións relacionadas cos estándares de aprendizaxe e destrezas asociadas aos perfís de competencia nos que este alumnado necesite mellorar.

**Recuperación.** O alumnado coa materia pendente que non entregue os exercicios propostos terá que presentarse a un exame para a recuperación da materia na convocatoria ordinaria de maio.

De non superar a materia en dito exame terá que realizar as actividades de recuperación propostas no período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final, nas que se fará fincapé nos aspectos non superados da materia

**Avaliación.** A nota final para superar a materia debe ter, alomenos, CINCO puntos

Os criterios de avaliación referidos aos estándares, procedementos e actitudes e os instrumentos de avaliación e criterios de cualificación son os que figuran nesta Programación.

# 8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación é un proceso ininterrompido que comeza co diagnóstico da situación, avaliación inicial, mellorase mediante a observación e reflexión cooperativa, avaliación continua, e completase coa avaliación final, onde se toman unhas conclusións que permitan retomar un proceso de retroalimentación e mellora de todo o proceso educativo.

O obxectivo da avaliación inicial é o de proporcionar un instrumento de avaliación das capacidades e coñecementos cos que conta o alumnado, co fin de abordar o proceso educativo con garantías, prever e anticipar axustes individuais e reparar retrasos escolares.

As probas de avaliación inicial parten dos obxectivos e contidos mínimos co alumnado tiña que adquirir ao remate do curso anterior. A avaliación na aula será unha proba escrita e as preguntas adecuaranse aos contidos concretos que se pretenden medir.

A avaliacion inicial realizarase durante ao comezo do curso escolar. Este proceso comprendera as seguintes accions que permitan identificar as dicultades do alumnado, así como as súas necesidades de atencion educativa:

- Analise dos informes de avaliacion do curso anterior e información obtida a partir da sesión de avaliación inicial.
- Deteccion de aprendizaxes imprescindibles non adquiridas e a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave a través das fichas de avaliación inicial, cuestionarios, respostas orais ou escritas do alumnado e tarefas nas que se poida apreciar os procedementos do alumnado.

# 9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

É un feito inherente á condición humana a existencia de diferencias individuais, que se reflicten no aprendizaxe. Así, o alumnado diferénciase notablemente en aspectos como as preferencias por aprender uns determinados contidos, a dedicación, esforzo ou atención, a rapidez por transferir o aprendido dunha materia a outra ou a cantidade de repeticións necesarias para consolidar ou reter un aprendizaxe.

A diversidade é algo natural na nosa sociedade e tamén debe selo dentro das nosas aulas. Tanto as capacidades, como as motivacións e intereses do alumnado son diversos e variados, polo que desde o Centro, é mais concretamente, desde cada materia, débese dar unha resposta adecuada ás diferentes demandas da cada un dos alumnos, na función das súas necesidades e posibilidades. Trátase de ofrecer diferentes camiños, recursos ou atención segundo cada caso particular.

## 9.1. Alumnado con necesidade específica de apoio educativo

Dentro deste apartado, no artigo 71 da LOMCE concrétase o principio de atención a todo o alumnado, asegurando os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por se ter incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Segundo requira cada caso, dentro da materia de Música realizaranse as pertinentes adaptacións curriculares tanto significativas como non significativas, individualizando o proceso de ensinanza-aprendizaxe en relación ás características do alumnado.

## 9.2. A nivel metodolóxico

A atención a diversidade dentro da materia, pódenos levar a realizar determinadas actuacións durante o desenvolvemento das clases en particular e do curso en xeral, como as seguintes:

- Realizar unha avaliación inicial que permita partir do nivel do desenvolvemento do alumnado, o que implica atender as características intelectuais, comunicativolingüísticas, socio-afectivas e motoras de cada alumno e alumna.
- Desenvolver traballos grupais, que, ao estar centrados sobre todo en contidos procedimentales, exixen a actividade directa do alumno, polo que teñen gran potencialidade para responder á diversidade na aula. Este feito permite ao docente unha intervención máis directa co fin de que todos poidan desenvolver con éxito a tarefa e sentirse útiles dentro do grupo.
- Asegurar aprendizaxes significativos en todos os alumnos e alumnas. Con maior interese traballarase en aqueles que ten necesidades educativas especiais, xa que requiren que os aprendizaxes que con eles se promovan poidan ser aplicados nas súas actividades diarias e sirvan de base para acceder a posteriores aprendizaxes. Asemade é importante desenvolver que estes aprendizaxes fáganse de forma autónoma, polo que hai que dotalos das destrezas e procedementos necesarios para que poidan levar a cabo aprendizaxes por eles mesmos.
- Promover o principio de actividade tanto física como intelectual, xa que todo o alumnado debe ser elemento activo no proceso de aprendizaxe, para que poidan asimilar comprensivamente as actividades que realizan.
- Desenvolver o principio da avaliación individual, en función das posibilidades de cada alumno e alumna.
- Desenvolver actividades de reforzo e ampliación para o alumnado que polas súas características específicas así o requira.

# 10. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Ademais de coidar escrupulosamente o emprego do linguaxe e de revisar coidadosamente os textos e ilustracións para que non conteñan elemento algún que poida atentar contra a igualdade, a tolerancia ou calquera dos dereitos humanos, plantexamos directamente aqueles temas transversais ós que os contidos desenrolados se prestan especialmente.

- **Educación para a saúde e educación sexual.** A actividade vogal, instrumental e motriz axuda de forma natural a mellorar funcións orgánicas como a respiración, o control e o dominio corporal. Os exercicios psicomotores, así como todo o relacionado co ritmo, desenrolan as funcións xerais de control neurolóxico e favorecen a armonización e sincronización motora. A música axuda a entender as diferencias na formación e desarrollo das voces masculina e feminina durante a pubertade e permite a consideración de diversos plantexamentos relacionados coa saúde vogal.
- **Educación para a igualdade de oportunidades.** A práctica da música na aula proporciona unha excelente oportunidade ó pedagogo para favorecer o respecto mutuo entre os sexos apreciando ó mesmo tempo as súas diferencias. As coreografías, a danza, o canto, entroncándose no aspecto mutacional da idade, onde a imaxe diferenciadora persoal fai aos

demais comezar a tomar forma, convértense en elementos integradores e igualadores da convivencia e do traballo en equipo co soporte do mundo sonoro musical.

- **Educación do consumidor.** Na vida diaria atopámonos co que mercar, como e cando. A educación musical pode servir para crear criterios de selección respecto ás adquisicións de gravacións, instrumentos e asistencia a espectáculos. Axudarase así ó alumno a tomar conciencia do feito comercial e a controlalo dende as propias opinións e gustos.
- **Educación ambiental**. A forte invasión sonora que produce o noso entorno fai necesaria unha toma de conciencia da mesma que evite as repercusións negativas do abuso sonoro. O respecto ó espazo sonoro dos demais e o uso correcto das fontes de son proporcionan un ámbito de traballo moi necesario na aula.
- **Educación para a convivencia.** A materia de música permite plantexar un elevado número de contidos actitudinais baseados no respecto ós gustos musicais dos demais, ademais de darnos a oportunidade de presentar e respectar opinións de todo tipo en debates relacionados co feito musical e participar en actividades que nos permitan exercitar as normas de convivencia baseadas no respecto ós demais, o material da aula…
- **Educación para a paz.** A música converteuse nun vínculo internacional entre as xeracións e países. A comprensión das culturas alleas a través da audición, a práctica musical e a danza, así como o análise das distintas funcións sociais da música en cada cultura proporciona os criterios necesarios para comprender mellor ós demais e de ese modo a nós mesmos, abrindo así canles de comunicación que nos acerquen ós outros pobos.
- **Educación vial.** Os problemas de contaminación sonora e as distraccións que poden ter a súa orixe no emprego inadecuado da música mentres circulamos, xa sexa como peóns ou como condutores, o uso inadecuado de auriculares, etc., poden ser tratados en relación cos contidos da materia.

## 11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

Ao longo do curso estudarase a posibilidade de organizar algunha saída que teña relación coa materia, en coordinación e dependendo das decisións tomadas desde o Centro.

# 12. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR

Faranse exercicios de lectura activa e de comprensión do leido. Se lles dará pequenos fragmentos de textos relacionados co ámbito da música (ópera, críticas, libretos, etc) dos que se lles fará unha serie de preguntas.

# 13. TRATAMENTO DAS TIC

As Tic traballaranse a través de web quest, ou busca de información e internet, e a través do uso de programas informáticos sinxelos de tratamento de imaxe ou de son. Ao longo deste curso tamén traballaremos a través da plataforma Edixgal.

# 14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A avaliación non pode quedar só na valoración das capacidades adquiridas polos alumnos e alumnas, ten que ter tamén como finalidade verificar a adecuación do proceso de ensinanza ás características e necesidades do alumnado, realizando, se fose necesario, as melloras pertinentes na actuación docente, mantendo o seu carácter continuo e integrador.

Con isto, debemos avaliar os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente en relación cos obxectivos propostos. Na aula valorarase o deseño e desenvolvemento de cada unidade programada e a adecuación das adaptacións realizadas para o grupo concreto de alumnos e alumnas. Ademais, terase en conta o ambiente creado na aula e a actuación persoal comunicativa e de coordinación coas familias e o profesorado.

O traballo na aula permitirá comprobar si se acadaron con éxito os obxectivos propostos na programación. A flexibilidade do proxecto curricular fai posible realizar modificacións que permitan mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A programación debe ser una guía aberta, non un documento utópico que se garda nun caixón. Polo tanto, é a nosa obriga revisar periodicamente o programado e contrastalo coa realidade da aula, para así realizar os cambios pertinentes que permitan mellorar o noso traballo e sobre todo, a adquisición de aprendizaxes no alumnado.

# 15. ACCIÓNS EN PREVISIÓN DE CLASES SEMIPRESENCIAIS OU NON PRESENCIAIS

Neste suposto atenderase ao alumnado mediante a aula virtual do centro, na que todos están matriculados, e realizaranse videoconferencias coa finalidade de que aclaren todas as dúbidas que podan xurdir. O alumando tamén poderá tratar calquera cuestión a través do correo corporativo dos docentes.

## 15.1. Aspectos metodolóxicos relacionados

Na Programación descríbese detalladamente a liña metodolóxica que sigue o departamento. Sen embargo, as condicións nas que imos ter que impartir docencia no curso 2021-2022, como no curso anterior, van comprometer nalgúns aspectos dita liña. Na Programación, faise fincapé en aspectos como:

- Realización de prácticas coa frauta (xa anulado na programación).
- Realización de concertos ou proxectos para grupos reducidos.
- Realización de visitas didácticas relacionadas co currículo.

- Planificación de clases dinámicas e participativas, con traballo por parellas ou grupos dentro da aula, intercambio de información, de material, de ideas.

Estes aspectos poderían sufrir unha merma importante ou anulación (agardemos que non tanto como o curso anterior) xa que:

- Únicamente contamos cunha aula específica, na que no se da cabida máis que a 24 alumnos coas medidas de distanciamento.
- O alumnado terá que desinfectar unha vez ao comenzo e ao final de cada sesión todo o material empregado da aula, consumindo así parte do xa pouco tempo do que se dispón para facer as sesión prácticas polo que o traballo e afondamento dos contidos se reduce.
- Aínda valorando a posibilidade de facer práctica instrumental e vocal, no exterior, para respectar a distancia de 3 metros, tendo en conta os días de bo tempo, no patio de baloncesto do instituto, baleiro na maior parte das sesións, contando coa estera que o alumnado mercaría para as sesións de Educación Física, o desplazamento dos grupos, numerosos, supón un coste e esforzo que non se vería compensado polos progresos obtidos, xa que o tempo invertido non sería significativo.
- As aulas tic, xa de ordinario con ampla ocupación, foron tamén reorganizadas e o seu aforo limitouse significativamente. En todo caso, é provisible que o alumnado conte cun portatil de uso individual que permitirá dotar aos alumnos de extratexias no manexo de apps, editores de audio, de música, …que permitan unha comunicación fluida na Aula Virtual.
- As circunstancias poderían limitar a interacción entre os alumnos, reducindo á mínima expresión a realización de traballos ou proxectos en grupo.
- Por outra banda, a disposición do mobiliario e do alumnado dentro da aula será a que correspondería a unha aula decimonónica: alumnos sentados de un en un, gardando a distancia de seguridade, sen poder moverse en toda a sesión de clase, o profesor na súa posición sen poder achegarse aos alumnos e coa súa verba como único medio de interacción co alumnado.
- Así mesmo o intercambio de material de forma física está desaconsellado.
- Para a realización de prácticas tratarase de adaptalas para que parte dos alumnos faga práctica musical na casa, e poidamos valorar o seu traballo en vídeos ou audios.
- Todo o material co que se traballe, apuntes, videotutoriais, presentacións, actividades, etc, será subido ao curso correspondente da AV.
- Aproveitarase todo o xa publicado en medios dixitais para apoiar o traballo dos contidos, sempre que conten coas respectivas licenzas.
- Intentarase empregar todos os servicios que ofrece a Aula Virtual para o traballo dos contidos, a avaliación, a comunicación cos alumnos: envío de tarefas, cuestionarios, mensaxes…

## 15.2. Metodoloxía no caso de ensino a distancia

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no protocolo aprobado polo IES relativas ao ensino a distancia. Estas son as que se indican a continuación: O ensino non presencial será impartido preferentemente a través da aula virtual de cada grupo, para desenvolvela materia, así como o correo electrónico asociado para as comunicación co

alumnado. Os alumnos son responsables de ter un correo electrónico actualizado e en uso como medio de comunicación e as familias deben ter tamén, como mínimo, un correo electrónico que figure na base de datos do centro . O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos disponibles. Igualmente o profesorado poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma. O emprego, de ser o caso, da plataforma WEBEX ou Falemos EDU para a impartición telemática dos contidos é opcional, de modo que considerarase a súa utilización de ser oportuna, priorizando outros cauces de comunicación co alumnado.

## 15.3. Mecanismos para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado no caso de non presencialidade

Para comprobar o seguimento e aproveitamento continuo do curso por parte do alumnado os mecanismos que articulamos son os seguintes:

1. No momento inicial do confinamento, comprobación da "situación dixital" do alumno e verificación das formas de contacto con el: rexistro na AV, correo electrónico, alta no Abalar e Mensario.
2. Envío de instruccións xerais para o seguimento das clases durante a non presencialidade: Repaso de uso da AV Recordatorio da obrigatoriedade das entregas.
3. Indicacións sobre a avaliación e os procedementos de cualificación Rexistro das entregas de tareas realizadas por o alumno.
4. Rexistro das conexións na AV
5. Control da asistencia ás reunións virtuais de habelas.
6. Rexistro das comunicacións profesor-alumno mediante a mensaxería da AV ou do correo electrónico que consta no perfil do alumno na Aula Virtual
7. Información inmediata ao titor no momento de ter que recurrir aos puntos 5 e 6.
8. Advertencia ao alumno no caso de incumplimento dos puntos anteriores.
9. Comunicación aos pais no caso de que a advertencia ao alumno non surta efecto empregando algún dos cauces: Abalarmobil, Mensario ou o correo electrónico facilitado polas familias ao centro educativo. O rexistro de todos estos puntos servirá para a avaliación do alumnado segundo os criterios de cualificación fixados tras a adaptación da programación.

## 15.4. Mecanismos para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado que carezca de medios telemáticos no caso de non presencialidade

O alumnado que careza de medios telemáticos será atendido segundo as normas que dictamine o Centro.

## 15.5. Instrumentos de avaliación

- Probas na AV de cuxas características será previamente informado o alumno con antelación.
- Tarefas entregadas
- Observacións reflectidas nreferidas á súa participación e implicación na materia
- Exames a través da plataforma Webex cando o profesor o considere oportuno.

## 15.6. Criterios de cualificación

O rexistro de todos estos puntos anteriores, servirá para a avaliación do alumnado segundo os criterios de cualificación fixados tras a adaptación da programación.

**ADENDA Á PROGRAMACIÓN DO DPTO. DE MÚSICA (IES Val do Tea) 2022/23**

AVALIACIÓN FINAL 3º e 4º da ESO

Tal como está recollido na programación entregada a principio de curso, a programación divídise en tres bloques (un por trimentre) e, a nota final do curso será a media dos resultados acadados en cada un deles. Aquel alumnado que non teña acadadas as condicións para superar a materia realizará antes da avaliación final unas actividades e unha proba final (personalizada) encamiñada a súa recuperación, ase ,esmo o alimnado que xa teña superada a materia poderá mellorar mediante a realización das mesmas a súa calificación final, para o cal terase en conta:

- a implicación do alumnado na realización das tarefas
- o grado de cumprimento das mesmas

Rosalina Rivas Fernández
Xefa do Dpto de Música